

Ruta circular que conecta o Río Sarela coas masas forestais da Selva Negra e o Monte Pedroso, desde onde podemos gozar dunhas espléndidas vistas de Santiago. Propónse o seu inicio na Ponte da Asén, no Parque das Galeras, pola súa proximidade á cidade histórica e porque conta con zonas de aparcamento, servizos de restauración, parque infantil, entre outros.

Desde a Ponte da Asén dirixímonos augas arriba pola rúa do mesmo nome, co Sarela á nosa dereita, até chegar a un valado de pedra, onde nos metemos á dereita para continuar á beira do río. Ao chegar á ponte, nada máis cruzala, atopamos os Lavadoiros de Santa Isabel e continuamos á senda remontando o río, que queda agora á nosa esquerda.

Ao chegar á Área recreativa do camiño de Lermo, viramos á esquerda para chegar á ponte e, sen cruzala, continuar o camiño co río á nosa esquerda. A uns 400 m, cando remata o camiño de terra e comeza unha pista asfaltada, a senda xira á esquerda para achegarnos ao río e sae á estrada, onde volve virar á esquerda, cruza a ponte de Casal da Horta, e xira á dereita para continuar paralela ao río, que queda agora a man dereita. Ao chegar á Ponte dos Tres Ollos, ponte medieval ao lado da Fundación Laboral da Construción, vira á esquerda, cara á Fonte e Lavadoiro da Ponte Pedriña de Arriba, e continúa por detrás da Fundación Laboral, seguindo a partir de aquí os sinais da ruta Xiro dos Montes (Monte de Deus – Monte Pedroso), até a Granxa do Xesto. Os sinais, que nos guían no ascenso pola falda do Monte Pedroso, conducirannos até un cruceiro á beira dunha pista asfaltada. Aquí seguimos pola pista asfaltada en dirección ascendente uns 70 m ata o seguinte cruceiro e continuamos pola esquerda para acceder ao cume do Monte Pedroso.

Alí, tras os bancos de pedra, collemos o sendeiro que descende, desde o que temos máis vistas da cidade e iniciamos a baixada por esa senda, en dirección ao posto de vixilancia de incendios. Ao chegar ao cruzamento coa pista, o sinal do Xiro dos Montes indicanos o camiño descendente; no entanto, recomendamos seguir a pista de terra cara ao posto de vixilancia, para gozar das vistas cara a poñente e continuar desde aí por unha senda situada uns metros despois do depósito de auga.

Máis abaixo, a uns 350 m volvemos atopar os sinais da ruta Xiro dos Montes (Monte Pedroso – Monte Vidán), que nos guían na baixada cara á Selva Negra, chamada así pola súa densa vexetación. No camiño hai que cruzar a estrada asfaltada do Pedroso e continuar a senda até chegar a un banco de exercicios, onde o camiño vira á esquerda, en sentido ascendente. Poucos metros máis arriba, debemos xirar á dereita, seguindo os sinais de Xiro dos Montes, que nos levan por un sendeiro ata cruzar un regato ocasional e continúan costa abaixo cara á Fonte da Selva Negra, que se cre acompañaba unha capela da que non se conservan restos.

Seguimos os sinais até a saída deste parque forestal, cruzamos a estrada provincial e continuamos de fronte descendendo por un camiño antigo e estreito que termina nunha pista asfaltada. Aquí xiramos á esquerda (despedíndonos dos sinais do Xiro dos Montes, que se van á dereita), seguindo a pista ata un cruzamento de camiños, onde viramos á dereita (antes do sinal de stop). Continuamos por esta pista sen abandonala até chegar a Ponte Sarela, onde volvemos atopar o río Sarela e volveremos entrar na senda do río dirixíndonos á esquerda (sen cruzar a ponte) polo camiño entre as casas.

Un pouco máis adiante, a senda pasa por unha ponte entre as casas que debemos cruzar e despois xirar á esquerda, para saír á Ribeira de San Lourenzo. Vinte metros máis arriba viramos á esquerda de novo para continuar o camiño pegado ao río, que nos queda agora a man esquerda. Continúa por varias pasarelas de madeira e chega á Igrexa do Carme de Abaixo, onde continúa por diante da capela, cara ao paso de peóns, para cruzalo e seguir cara ao Parque das Galeras, pasando pola Fonte do Ouro e chegando de novo á Ponte da Asén.



sendas

de Santiago de Compostela

Monte Pedroso



distancia:
10,75 km
duración 4 h
dificultade media



sendas próximas

- 01. Río Sarela arriba >>
- 02. << Río Sarela abaixo
- 03. Finca do Espiño > Selva Negra > Granxa do Xesto
 - Xiro dos Montes "Monte de Deus – Monte Pedroso – Monte de Vidán"



ten en conta



> Roupa e calzado apropiados para camiñar e adaptados á meteoroloxía e condicións do sendeiro.



> As sendas fluviais adoitan ser moi húmidas, e máis tras días de choiva, en que poden aparecer zonas encharcadas ou esvaradías.



> Mantén limpa a contorna e respecta a biodiversidade.

> Axúdanos a mellorar. Agradecemos os teus comentarios, suxestións ou avisos sobre o estado da senda en sendas@santiagoturismo.com



co apoio de



RUTA VIRTUAL



ruta circular



ruta senderismo



ruta BTT



parcialmente sinalizada



400 m

400 m



*Fotos: Turismo de Santiago



- Bosque / Zona verde
- Miradoiro
- Parque / Área recreativa / Zona infantil
- Zona de Restauración
- Ponte
- Parada de autobús
- Punto de interese
- Aparcamiento